

CO₂RUÑA



Benvida
Primavera

NÚMERO 14

**EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
DO CONCELLO DA CORUÑA**

**BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
DA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
CONCELLO DA CORUÑA**

O noso segundo boletín de actualidade en educación ambiental municipal coincide cada ano coa chegada da primavera. Son datas moi desexadas por todos porque supón deixar atrás a maioría das precipitacións e ir relegando as pezas de abrigo que lucimos desde o outono pasado. Poida que aínda non terminemos de colgar o chuvasqueiro - aínda que a excepción sería este ano con tan poucas chuvias - pero as luvas e a bufanda deixaron de estar entre o noso vestiario de garda durante estes meses do inicio da primavera.

Como cada ano o Concello participou no mes de marzo na iniciativa que WWF Adena promove en todo o mundo: a Hora do Planeta. O apagamento dos monumentos e edificios máis significativos, incluíndo a Torre de Hércules símbolo mundial da nosa cidade, volveu evidenciar tamén no '17 o compromiso municipal con esta iniciativa contra o malgaste enerxético e a súa directa influencia no quecemento planetario. Neste ano choveu durante os preparativos o que obrigou a colocar todo o organizado baixo cuberta. Os soportais inmediatos ao Palacio Municipal foron o lugar ideal dadas as circunstancias. Como sempre gozou dunha magnífica presenza por parte dos veciños que se achegaron a acender as velas do noso mosaico.

Nos días previos á Hora do Planeta a Concellaría planificou actos conmemorativos relacionados cos bosques e a auga. No primeiro caso o Día dos Bosques tivo de protagonistas ás mozas e mozos de Aspronaga e dos centros escolares de María Pita e Sanjurjo de Carricarte. O Día Mundial da Auga, destinado ao público infantil celebrámolo este ano no Centro Cívico dos Rosais. En abril o Día da Nai Terra celebrámolo cos nosos maiores. Para eles fixemos unha ruta interpretativa deténdonos en diferentes árbores singulares nun delicioso paseo primaveral polos xardíns de Méndez Núñez.

Nestes meses Nostián, Punta Herminia, San Pedro e ata o río Mandeo foron destinos aos



DÍA MUNDIAL DA MULLER TRABALLADORA

As mulleres protagonistas tamén no medio ambiente

Como ou ano pasado, no noso boletín tamén queremos dedicar uns parágrafos a esta xornada do 8 de marzo

Ou papel das mulleres en todos os ámbitos da sociedade é cada vez máis relevante. Aínda restan grandes esforzos para que ocupen en plano de igualdade o lugar que lles corresponde pero, o paso que no seu día emprenderon as mulleres traballadoras déixase sentir tamén con forza no medio ambiente. Aínda que estamos lonxe de acurtar a brecha salarial, de competir en igualdade as responsabilidades e decisións troncais da nosa sociedade, cada día temos oportunidade de contemplar logros de mulleres que achegan a todo o colectivo ás metas que lles corresponden por xustiza e equidade.

A continuación vos deixamos mencións a figuras de gran relevancia que reflicten claramente o papel fundamental das mulleres no medio ambiente. Son só algunhas dunha lista que podería ser extensísima:

Foi **Rachel Carson** (EEUU, 1907-1964) quen formada como bióloga, a través da súa obra *A primavera silenciosa* (*Silent Spring*), na que se denunciaba por primeira vez o uso do insecticida DDT e os seus efectos sobre a fauna silvestre, contribuíu á posta en marcha da conciencia ambiental e á xeración nos setenta do movemento ecoloxista e os grupos ecoloxistas.

Rachel Carson



Marie Bohlen (Canadá 1924-2014), falecida apenas fai tres anos. Ilustradora de libros de nenos e natureza, ideou a acción que marcou o inicio de Greenpeace como organización ambientalista. Propuxo navegar nun barco para “facer fronte á bomba” (estalidos atómicos) na illa Amchitka.

Durante as últimas décadas do século XX a ecoloxía caracterizouse pola consolidación dun movemento ecofeminista, que experimentou o seu recoñecemento mundial coa concesión do premio Nobel da Paz, no ano 2004, a **Wangari Maathai** (Kenia 1940-2011). Bióloga responsable da creación dos denominados “Cintos verdes”, máis de 30 millóns de árbores plantadas en todo o país para evitar a erosión do chan e mellorar así a calidade de vida das mulleres que os levaban a cabo. Así gañou o seu alcume de “Tree Woman”.

Gro Harlem Brundtland (Noruega, 1939), é unha política do partido laborista formada como médica. Dirixiu o equipo que elaborou o informe denominado O noso futuro común (1987) máis coñecido como “Informe Brundtland”, encargado pola Comisión Mundial de Medio Ambiente e Desenvolvemento. O informe achegou a definición que contiña o núcleo da idea de sustentabilidade.

E non podemos perder de vista porque é fundamental no medio natural do Planeta que:

- As mulleres xogan un papel fundamental no desenvolvemento sostible do medio rural. En España supoñen un 48,9% da poboación das zonas rurais e exercen funcións de vital importancia para o mantemento da sociedade rural no territorio. Agrupadas en colectivos ou co seu labor individual, atendendo á súa presenza e fortaleza, podemos dicir que elas son o futuro do campo en Europa.
- Máis do 50% da poboación mundial son mulleres. Desempeñan un papel esencial en garantir a protección de ecosistemas fráxiles, a xestión xusta, eficiente e sustentable dos recursos naturais.

Marie Bohlen



Wangari Maathai



Gro Harlem Brundtland



A CORUÑA CONMEMOROU A HORA DO PLANETA O SÁBADO 25 DE MARZO

*A praza de María Pita e varios monumentos da cidade
apagaron as súas luces de 20:30 a 21:30 horas*

A Agrupación Astronómica Coruñesa ío colaborou no evento

O Concello da Coruña sumouse de novo neste ano 2017 á iniciativa internacional **A Hora do Planeta** promovida por Adena WWF (www.wwf.es), unha das maiores organizacións non gobernamentais do mundo no terreo da conservación ambiental.

A Hora do Planeta é a maior campaña global de mobilización e loita contra o cambio climático. Esta iniciativa naceu en Sidney en 2007 e desde entón logrou a participación de máis de 7.000 cidades e pobos de 160 países, miles de empresas, centros educativos, entidades e particulares que suman a súa voz para demostrar que un futuro baseado nas enerxías limpas é posible.

Na Praza de María Pita organizáronse as seguintes actividades para celebrar esta xornada:

Apagado da iluminación e Instalación de candeas

- Instaláronse un conxunto de velas que formaron os díxitos 60 + (sesenta minutos) a C coa vírgula da nosa cidade baixo os soportais do Palacio de María Pita. Este símbolo é o que elixiu Adena WWF para representar en todo o mundo esta hora de reflexión sobre o cambio climático.
- Información aos cidadáns acerca da iniciativa.
- Observación do ceo.
- Ademais, realizouse unha actividade lúdica para o público infantil que se achegou á celebración.

Ás 20.30 horas apagáronse as luces da praza (Palacio Municipal incluído) e comezouse o aceso das velas do mosaico. Outros monumentos da cidade tamén se apagaron coincidindo co mesmo horario (Domus, Torre de Hércules...)



DÍA DOS BOSQUES

21 DE MARZO DE 2017

O Concello celebrou o Día dos Bosques con actividades para nenos e nenas con plantacións de árbores en diferentes puntos da cidade

O Día dos Bosques celebrouse este ano con dúas salientables novidades. A primeira foi que aparte da data conmemorativa en si mesma (o día 21) as accións relacionadas coas plantacións alongáronse durante mais xornadas con distintas accións de plantación o longo da cidade. En segundo lugar, coincidindo con esta data produciuse o anuncio por parte da Concelleira de que con esta xornada dábase o pistoletazo de saída dunha importante novidade que culminará ao longo dos dous próximos anos: a plantación de 1500 árbores na cidade que incrementarán nun 10% os que hoxe locen xa na nosa urbe.

Neste ano 2017 encheunos de orgullo contar nesta xornada cun colectivo moi importante nas políticas de conciliación familiar e de diversidade na cidade. E que neste 21 de marzo acompañáronnos as mozas e mozos do centro ASPRONAGA. Este centro educativo é un dos que na nosa cidade traballan a favor das persoas con discapacidade intelectual dende fai décadas. Noutros puntos da cidade o mesmo tempo o alumnado do colexio María Pita, e o día 31 as nenas e nenos do colexio Sanjurjo de Carricarte, tamén contribuían co seu traballo -xunto co dos xardineiros- a plantar cerdeiras, freixos e outras especies cara a ese ambicioso plan futuro.



Os lugares elixidos para estas xornadas foron o parque de Eirís, o barrio das Flores, a zona de Novo Mesoiro e o entorno da rúa Carlos Casares.



DÍA DA AUGA

22 DE MARZO DE 2017

O día 22 de marzo o Concello celebrou o Día Mundial da auga con actividades destinadas a escolares no Centro Cívico dos Rosais

A celebración do Día Mundial da auga na xornada do 22 de marzo está promovida pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas

Este día foi declarado por unha resolución da Asemblea que tivo a súa orixe na Conferencia das Nacións Unidas para o Medio Ambiente e o Desenvolvemento celebrada en Río de Xaneiro no ano 1992.

A auga é un ben común de primeira necesidade. É clave para a supervivencia pero tamén o é no desenvolvemento económico do conxunto da Humanidade.

O 22 de marzo do 2017

O plan municipal de educación ambiental abarca moitas e moi variadas accións destinadas a grupos escolares e diferentes colectivos. Consta de actividades realizadas en aula, en centros cívicos ou bibliotecas, xunto a outras no exterior, visitando lugares de interese ambiental (tanto infraestruturas como Nostián ou a EDAR) como espazos naturais.

Neste ano a axenda situounos nunha aula do Centro Cívico dos Rosais para que nese día as rapazas e rapaces inscritos puideran asistir a unha pequena charla e os posteriores talleres educativos ofertados para idades comprendidas entre os 6 e 12 anos.

Datos:

Lugar: Centro Cívico dos Rosais

Data: 22 de marzo de 2017

Horario: entre as 16 e as 20 horas

Idades: nenos e nenas de entre 6 a 12 anos

Actividades: audiovisual comentado e talleres educativos sobre o tema da auga.



DÍA DA NAI TERRA

22 DE ABRIL DE 2017

O Concello da Coruña celebrou cos maiores do centro Atendo e Novoboandanza no Día da Nai Terra

Xa de seu, o día de celebración da Nai Terra é un dos sinalados en cada calendario de medio ambiente anual con cores rechamantes por resaltar a súa importancia.

Para a celebración do día 22 desde a Concellería pensouse nun acto destinado aos maiores da cidade. Con eles recorreremos un interesante paseo polo que cada día camiñan moitísimo veciños sen reparar na riqueza que agocha. Co paso tranquilo do que contempla a vida con moitos anos e cheo de experiencia, nesta soleada mañá do día 22 visitamos, deténdonos a miúdo para contemplar, a senda que serpentea entre os parterres dos xardíns de Méndez Núñez. O motivo das nosas paradas non era outra que a admiración dos singulares exemplares que hai moitas décadas foron plantados nesta zona. Hoxe en día supoñen un patrimonio que nun día precisamente como o desta conmemoración, reflicten a diversidade do Planeta a través dalgunhas das súas mais maravillosas criaturas: os árbores.





**CORUÑA
VIVA**


CO₂RUÑA

www.coruna.es/medioambiente

síguenos en:



CO2Coruña



@CO2Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

**Para más información sobre os
Programas de Educación Ambiental**

**981 903 834
educacionambiental@coruna.es**



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

**CORUÑA
MEDIO AMBIENTE**

